

Claves para saber coidarse

Persoal do centro de saúde e do Concello ultiman a programación da Semana da Saúde de Mazaricos

Xoán R. Alvite | 2/4/2009

Valoración (0 votos)

En materia sanitaria, Mazaricos aposta pola educación e a prevención. Non hai máis que ver o programa de actividades da undécima edición da Semana da Saúde, que de celebrará do 13 ao 17 deste mes, para telo claro.

Nesta edición, segundo a enfermeira Ana Calvo, responsable do comité organizador, realizouse un esforzo importante para aumentar as actividades para adolescentes e escolares dos centros de ensino do municipio debido á importancia que teñen á hora de poñer en práctica aspectos relacionados coa prevención. «Imos aumentar o número de conferencias e obradoiros dirixidos aos nenos e aos mozos porque consideramos que están nunha idade idónea para adquirir coñecementos e hábitos que poden mellorar a súa saúde e, polo tanto, o seu nivel de vida cando sexan adultos», apuntaba a profesional.

Entre las actividades que terán aos mozos como protagonistas destacan varias charlas nas que se tratarán temas como a adolescencia, a alimentación ou a sexualidade, que serán impartidas tanto pola propia Ana Calvo como pola comadroa do centro de saúde de Muros, María Vázquez. Tamén levarase a cabo unha charla relacionada coa importancia do deporte para levar unha vida saudable, que será impartida por Cuco Rodríguez, licenciado en educación física e adestrador do club Beirasar Rosalía de Baloncesto, e outra titulada **Salvavidas** que correrá a cargo de María Dolores Rodríguez e Álvaro Lado, técnicos de transporte sanitario que ensinarán aos escolares distintas técnicas de primeiros auxilios.

O programa de actividades para escolares complétase cun concurso de debuxo e redacción dirixido aos alumnos de primaria de Mazaricos que terá como tema principal a alimentación e a saúde. Os mellores traballos serán premiados e recolleitos nunha publicación.

Para maiores

Xa no apartado de actividades destinadas aos adultos, o mércores día 15 terá lugar unha conferencia no auditorio do Centro Sociocultural de A Picota que levará por título **Urxencias: cousas de todos**. Un día despois, no mesmo lugar, a enfermeira e psicóloga Consuelo Carballal Balsa impartirá outra charla, desta volta sobre **Abordaxe dos problemas emocionais do día a día**, que tratará sobre temas coma o estrés, a soidade ou a ansiedade.

Ademais, paralelamente ás actividades propias da Semana da Saúde de Mazaricos, a Asociación Galega de Enfermería Familiar e Comunitaria desenvolverá un taller de suturas dirixido aos profesionais de enfermería de toda Galicia.

Compartir

¿Cómo compartir?



Os mazaricáns participaron moi activamente na anterior edición das xornadas sobre saúde

| ALVITE

Noticias + vistas Vídeos Álbumes

1. [Los nuevos vicepresidentes y ministros prometen sus cargos ante el Rey](#)
2. [Fallece la cantante Mari Trini](#)
3. [«Mi marido no sabe que me prostituyo por las tardes»](#)
4. [El niño ahogado pasó «mucho más» de 2 minutos bajo el agua, dice el médico](#)
5. [El análisis del vídeo indica que el niño ahogado en la piscina estuvo más de diez minutos bajo el agua](#)

AHORA EN PORTADA DE LAVOZ.ES

- [Los accidentes de tráfico son la primera causa de mortalidad prematura en Galicia](#)
- [Berlusconi aconseja a los supervivientes tomárselo como «un camping»](#)
- [El nuevo Gobierno empieza a trabajar en Semana Santa](#)
- [Tourino asegura que deja el Gobierno gallego «sin endeudamiento oculto»](#)
- [«Cazafantasmas» celebra su 25 aniversario con un nuevo videojuego](#)
- [Granjero gallego busca esposa](#)
- [El hombre que murió en las protestas del G-20 fue agredido antes por la Policía británica](#)
- [Horford decidió bajo los aros y pudo con el doble-doble de Calderón](#)
- [Precipitaciones débiles en el noroeste](#)
- [Un grupo de galegos residentes en Londres promoven o galego fóra de Galicia](#)